



## **INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2018 2019**

*DECRETO 254/2012. Artigo 3. Información ao alumnado e ás súas familias*

### **Proxecto educativo.**

Unha copia do proxecto educativo do centro pódese consultar no taboleiro de anuncios da entrada do centro así como na páxina web:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsada/node/468>

### **Servizos complementarios.**

#### **-Comedor escolar.**

O centro conta con 46 prazas de comedor escolar. O servizo funciona en base a un compromiso entre a Consellería de Cultura, Educación e O.U., Concello de Sada e a ANPA As Mariñas. Ofértao a Consellería nas instalacións do IES O Mosteirón, sendo o transporte dos alumnos a cargo do Concello de Sada e a atención e coidado do alumnado por parte de persoal voluntario da ANPA As Mariñas.

Normativa que regula o servizo de comedor escolar:

*-DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación (DOG do 13-08-2013).*

*-Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 05-03-2007).*

*-Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería (DOG do 19-06-2008).*

**Solicitudes de praza no servizo de comedor escolar.** Informarase, a través do taboleiro de anuncios e da web do centro, dos prazos de solicitude e da resolución de admitidos para o próximo curso.

**-Transporte escolar.** O centro non conta con servizo de transporte escolar.

### **Actividades escolares complementarias e extraescolares.**

*Estas actividades teñen carácter voluntario e non lucrativo. Cando se realiza a oferta das mesmas detállase o seu custo.*

#### **-Actividades escolares complementarias.**

Son saídas, visitas e participación en programas educativos que teñen lugar en horario lectivo e que se inclúen na Programación Xeral Anual. As familias aboan os gastos das entradas aos lugares a visitar e os gastos de estancia de ser o caso. Tamén se debe aboar unha parte dos gastos de transporte, subvencionado en parte polo centro.

#### **-Actividades extraescolares.**

Organizadas pola Asociación de Nais e Pais As Mariñas ou polo Concello de Sada. Estas actividades poden ter lugar nas instalacións do centro ou en instalacións exteriores. Inclúense na Programación Xeral Anual e ofértanse ás familias ao inicio de cada curso indicando o custo que implica a participación nas mesmas.

*ORDE do 12 de marzo de 2013. Artigo 13. Información ao alumnado e ás familias.*

### **Normativa reguladora do procedemento de admisión.**

*- DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de*

educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 26-12-2012).

-ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 15-03-2013).

-ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 01-02-2017).

-Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o proceso de admisión de alumnos en centros sostidos con fondos públicos para o curso académico 2018-2019.

- Instrucións para os centros sostidos con fondos públicos da Xefatura Territorial da Coruña sobre o proceso de admisión de alumnos para o curso académico 2018-2019.

### Postos escolares ofertados.

Educación infantil (2º ciclo)			Educación primaria					
4º curso	5º curso	6º curso	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	5º curso	6º curso
25*	1	2	2	0	4	0	5	4

\* Destes postos hai que reservar 3 seguindo o indicado no artigo 3.2 da Orde de 12 de marzo de 2013 sobre admisión de alumnado.

### Prazo de presentación das solicitudes de admisión

Prazo de presentación: Do 1 ao 20 de marzo de 2018, ámbolos dous incluídos.

As solicitudes de admisión (Anexo II da Orde de 25 de xaneiro de 2017), dirixidas á dirección dos centros públicos presentarase mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso <https://www.edu.xunta.es/admisionalumado>. Tamén se poderán presentar de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción e, ademais, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado.

### IMPORTANTE. Nota informativa

1. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
2. O alumnado que ten garantía de permanencia no centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, a este centro achegando copia da solicitude presentada.
3. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

### Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo.

No caso de haber máis solicitudes que prazas, cuestión da que se informará o 30 de marzo no taboleiro de anuncios e na web do centro, o prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo será do do 23 de marzo ao 5 de abril, ámbolos dous incluídos.

### Calendario e prazos para formular reclamacións

Reserva de praza:	1 ao 15 de febreiro
Sorteo público desempate:	Antes do 1 de marzo
Publicación vacantes:	Antes do 1 de marzo
Presentación solicitude admisión:	Do 1 ao 20 de marzo
Presentación documentación xustificativa:	Do 23 de marzo ao 5 de abril
Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos:	Antes do 25 de abril

<i>Prazo de reclamacións ante a dirección de 5 días hábiles, a partir do seguinte á publicación</i>	
Publicación das listaxes definitivas: <i>Prazo de reclamacións: Poderase presentar recurso de alzada ante o Xefe Territorial no prazo dun mes.</i>	Antes do 15 de maio
Formalización de matrícula en e. infantil e primaria:	Do 20 ao 30 de xuño
Formalización de matrícula en ESO e bacharelato:	Do 25 de xuño ao 10 de xullo
Prazo extraordinario de matrícula: ESO e bacharelato	Do 1 ao 10 de setembro

### **Prazo para formalizar a matrícula**

Do 20 ao 30 de xuño. A matrícula formalizarase no modelo que figura como anexo III da Orde de 12 de marzo de 2013.

### **Centro de adscrición.**

O noso centro está adscrito ao IES Isaac Díaz Pardo de Sada.

### **Área de influencia do centro e áreas limítrofes.**

A área de influencia do CEIP *Sada y sus Contornos* é o casco urbano de Sada.

As áreas limítrofes son as outras dúas zonas educativas existentes no Concello de Sada.

### **Criterio complementario de puntuación.**

O Consello Escolar do Colexio de educación Infantil e Primaria *Sada y sus Contornos*, ao abeiro do disposto no DECRETO 254/2012 e na ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos (DOG de 15-03-2013) dentro dos Criterios xerais de admisión do alumnado , apartado i) Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, acorda en sesión ordinaria celebrada o 2 de abril de 2013 establecer o seguinte criterio:

#### **i) Por solicitar en primeiro lugar un centro de ensino público.**

A valoración deste criterio será 1 punto.

A acreditación farase de oficio polo propio centro, sendo o documento acreditativo a solicitude de admisión, anexo II da Orde.

### **IMPORTANTE: Comedor escolar.**

As familias que vaian solicitar praza de comedor escolar para o curso 2018-2019 **deberán estar atentas ao tableiro de anuncios e á web do colexio** en relación cos prazos de solicitude e coa resolución da adxudicación das prazas.

Sada a 27 de febreiro de 2018.